

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/34	A Xunta de Goberno Local

## DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	24 de novembro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:12 ata as 13:23 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario acctal.</b>	David García Lareo
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

## ASISTENCIA A SESIÓN

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

## Ratificación da urxencia da convocatoria

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da

sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

### Expediente 1701/2022. Certificados ou Informes de Persoal

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta do escrito presentado por ROSA MARIA SOTO SIMON, Rexistro de Entrada nº 4751, de data 21 de novembro de 2022, presentando reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito (antigüedad), solicitando o recoñecemento de varios periodos anteriores a data de antigüedad que ten recoñecida a día de hoxe (01-01-1999).

Visto o Certificado de Servicios Prestados emitido polo Concello.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1.- Unha ha vez realizado o cálculo tal como consta na base de datos do departamento de Recursos Humanos do Concello, recoñecer a Rosa María Soto Simón unha data de antigüedad dende o 01 de febreiro de 1995.

2.- Dar traslado do acordo os departamentos de Intervención e de Recursos Humanos municipais.

### Expediente 646/2022. Planificación e Ordenación de Persoal - Convocatoria oferta de emprego público

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Con data 26 de maio de 2022 a XGL adoptou o seguinte acordo:

- *Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2022, que contén os seguintes postos de traballo:*

*QUENDA LIBRE, ESTABILIZACIÓN ( DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª):*

	PERSONAL FUNCIONARIO		
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	ESCALA	GRUPO
1	ARQUITECTO/A	AE	A1
1	TÉCNICO/A SUPERIOR ADL	AE	A1
7	ADMINISTRATIVO/A	AX	C1
4	LIMPIADOR/A	AE	AP
4	SUBALTERNO/A	AE	AP
1	AVOGADO/A	AE	A1
2	TÉCNICO/A MEDIO	AE	A2
1	PSICÓLOGO/A	AE	A2

2	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	AE	B
1	ANIMADOR/A DEPORTIVO	AE	C1
2	CONSERXE-SUBALTERNO/A	AE	AP
2	CONDUCTOR/A	AE	C2
1	OFICIAL ALBANEL	AE	C2
1	OFICIAL XARDIÑERÍA	AE	C2
1	AXUDANTE ELECTRICISTA	AE	AP
7	OPERARIO/A	AE	AP
<b>38</b>	<b>TOTAL</b>		

**PROMOCIÓN INTERNA:**

3	ADMINISTRATIVO/A	AX	C1
<b>3</b>	<b>TOTAL</b>		

A mesma foi obxecto de recursos conxuntos á RPT e ao cadro de persoal, segundo o seguinte:

**1ª Recursos presentados por MARÍA JESÚS LIMIA SÁNCHEZ , LUIS MIGUEZ PENA, MIGUEL ANGEL COUTO GARCIA, FRANCISCO JAVIER GOMEZ REY** 3 dos postos que figuraban como operario/a deberían figurar como oficial de xardinería, condutor de tractor e condutor de retroexcavadora.

Ditas alegacións foron estimadas e procede tamén corrixir a oferta de emprego, que debe coincidir cos postos existentes,

**2º CSIF** A denominación dos técnicos medios de administración xeral debería ser Traballador/a Social. Asimesmo, comprobouse que o número de postos a estabilizar era 1 e non 2, existindo un erro no acordo xa que so existe unha traballadora social temporal.

Tamén se comprobou que existía un erro no número de Administrativos xa que os postos a estabilizar non son 7 postos de administrativo senón 6 postos de administrativo e 1 de auxiliar administrativo, xa que o sétimo era o carto posto de promoción interna.

Debe modificarse a denominación e nº na oferta de emprego, que debe coincidir cos postos existentes.

**3º Recurso MARIA SOLEDAD REY ASOREY.**

Considera a interesada que o posto que debería figurar na oferta de emprego é o de A2, Técnico medio de xestión, en base a que afirma realizar funcións de técnico e non de animador sociocultural, segundo figura no seu contrato. Non indica a interesada cales son ditas funcións nin aporta proba das mesmas, e mesmo de ser certa a afirmación habería que valorar se se trata de funcións puntuais que deberían ser aboadas con carácter extraordinario, sen que quede acreditado que o posto A2 técnico medio de xestión, reúna os requisitos recollidos na disposición adicional sexta da Lei 20/2021. Podería ser incluso prexudicial para a interesada que a estabilización ofertase un posto de A2 e non de animador sociocultural, como figura no seu contrato, xa que non podería acreditar a antigüidade correspondente.

**4º Recurso SUSANA FRAMIÑÁN RAMOS.**

Considera a interesada que o posto que debería figurar na oferta de emprego é o de C2,

auxiliar administrativo, en base a que afirma realizar funcións auxiliar ou mesmo de administrativo e non de subalterno, segundo figura no seu contrato. Non indica a interesada cales son ditas funcións nin aporta proba das mesmas, e mesmo de ser certa a afirmación habería que valorar se se trata de funcións puntuais que deberían ser aboadas con carácter extraordinario, sen que quede acreditado que o posto C2 "Auxiliar administrativo", reúna os requisitos recollidos na disposición adicional sexta da Lei 20/2021. Podería ser incluso prexudicial para a interesada que a estabilización ofertase un posto de C2 e non de subalterno, como figura no seu contrato, xa que non podería acreditar a antigüidade correspondente.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro: Estimar os recursos recollidos nos puntos 1 e 2 e corrixir os erros sinalados.

Segundo: Desestimar os recursos recollidos nos puntos 3 e 4.

Terceiro: Publicar a oferta de emprego segundo o seguinte:

### OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2022.

QUENDA LIBRE, ESTABILIZACIÓN (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª):

	PERSONAL FUNCIONARIO	ESTABILIZACIÓN		
Nº PRAZAS	DENOMINACIÓN	FORMA DE ACCESO SEGÚN LEI 20/2001	ESCALA	GRUPO
1	ARQUITECTO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
1	TÉCNICO/A SUPERIOR ADL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
6	ADMINISTRATIVO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AX	C1
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AX	C2
4	LIMPIADOR/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
4	SUBALTERNO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
1	AVOGADO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A1
1	TRABALLADOR/A SOCIAL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A2
1	PSICÓLOGO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	A2
2	ANIMADOR/A SOCIO CULTURAL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	B
1	ANIMADOR/A DEPORTIVO	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C1
2	CONSERXE-SUBALTERNO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
2	CONDUCTOR/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
1	OFICIAL ALBANEL	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
2	OFICIAL XARDIÑERÍA	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
1	AXUDANTE ELECTRICISTA	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
1	CONDUCTOR/A TRACTOR	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2

1	CONDUCTOR/A RETROEXCAVADORA	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	C2
4	OPERARIO/A	DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª	AE	AP
<b>37</b>	<b>TOTAL</b>			

PROMOCIÓN INTERNA:

4	ADMINISTRATIVO/A	AX	C1
<b>4</b>	<b>TOTAL</b>		

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**